



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

### 1.- Por camiños coesmais

Empezamos esta Crónica o 6 de marzo, mércores da Cinza, cando na Igrexa nos dispoñemos ao percorrido coesmal, que nos levará ata as portas da Pascua. Unha forma algo artificial de nos ir marcando obxectivos e metas na vida e ir progresando. Forma artificial, pero útil sobre todo se a entendemos coma unha parábola de toda a nosa existencia persoal e comunitaria, histórica. Somos persoas, unha Igrexa, unha sociedade en camiño, coa posibilidade de construírnos integrándonos ou de destruírnos desintegrándonos, rompendo coa forza de fraternidade e sonoridade que máis responde á nosa matriz humana.

Cada época ten os seus signos dos tempos, os seus retos específicos onde se xoga o si e o non da nosa verdade individual e colectiva. Desde a nosa

sensibilidade, que sentimos compartida por moitas outras persoas, tres son os grandes camiños coesmais que hoxe temos abertos diante dos nosos pés, igual algo cansos e vacilantes: a convulsión eclesial (*pederastia et caetera omnia*), certas estratexias políticas internacionais e as concretas batallas políticas españolas, que xa están quentando emocións, máis que clarificando apostas, cara ás xornadas electorais que se aveciñan. Disto falaremos un pouco desde unha ollada crente, o máis próxima posible ao que pensamos podería ser a do mestre Xesús, que no seu particular percorrido cara á Pascua tamén se houbo de enfrontar con retos similares: a relixión oficial que o intentaba dobrear, o imperio que ata Palestina estendía as súas poutas e os conflitos internos do seu propio país que o acabaron levando á morte. Grazas a Deus a vida tamén vai e

vén por carreiros simples, populares e xeralmente máis auténticos, aos que nos achegaremos para permitírnos ver a vida con algo máis de esperanza.

## 2.- Na meniña dos meus ollos

Verá quen estas Crónicas lea que ás veces facemos referencia a comunicacións de persoas que nos comparten arelas e preocupacións eclesiais. Chegounos unha hai pouco da man dunha persoa de longo percorrido crente e de serio servizo eclesial que, na súa vellez, nos transmitía dúbidas do estilo de: «que é isto de Deus, que é isto de crer? Que cousas cremos de Xesucristo que non son como normalmente se predicán? Acabouse dunha vez o *flatus vocis* da clerecía? A Igrexa, tal como está, debe desaparecer? Será verdade que todo isto se esborralla.?» Chegáronme á alma as súas cuestións que percibín saídas dun espírito realmente firme, pero atribulado. Casualmente neses mesmos días recibín como obsequio o libro de Xosé M. Castillo «*El evangelio marginado*», un libro simple, claro, rotundo, onde coloca a Igrexa actual ante o dilema de definirse vitalmen-

te como unha relixión ou como unha seguidora do Evanxeo dun Xesús basicamente preocupado en servir a Deus mirando pola saúde integral das persoas, pola súa mantenza e por unhas relacións mutuas sas, libres, integradoras. Recomendo a súa lectura en clave coresmal ou mesmo pascual.

O certo é que algo de todo isto está no ambiente eclesial, remóido no máis íntimo, formulado abertamente ou, o que é peor – ou mellor–, simplemente vivido e dando respostas a esas grandes cuestións, respostas que con frecuencia van polo camiño do desinterese cara a moito do que desde a Igrexa nos empeñamos por considerar fundamental. A xente en boa medida pasa de nós, pasa da Igrexa, e só se sorprende e se pregunta ante experiencias relixiosas de fonda humanidade. Quizais andemos co pé cambiado. Quen sabe!

O golpe da pederastia na Igrexa é algo que ante moitísima xente deixa fóra de combate a comunidade eclesial. E por moito tempo. Percíbese nos comentarios elementais oídos en conversas simples. A desconfianza vai máis alá do feito

concreto de dubidar se deixar ou non deixar picariños/as e adolescentes nas mans de persoas ou actividades eclesiais, e esténdese a todo o conxunto eclesial que moita xente tende a ver coma un mundo de intereses de poder a diferentes xeitos. Desde logo a credibilidade do celibato clerical quedou polo chan, despois de sumarlle ao anterior a confesión do mesmo Papa Francisco recoñecendo abusos de bispos e cregos sobre monxas no pasado e no presente. Así nos ven desde o lado máis crítico da sociedade e desde o grupo máis fráxil na súa fe, aquela xentiña pensando na cal Xesús advertía: «Quen escandalice a un destes pequenos que cren en min, máis lle valería que lle colgasen unha pedra de muíño ao pescozo e que o largasen ao fondo do mar.» (Mt 18, 6)

A enormidade do mal da pederastia (o dos cardeais McCarrick e Pell é algo inaudito, estarrecedor) –do que parece que casos concretos nos seguirán salpicando día tras día, tamén aquí en España– demanda de nós un longo camiño de conversión, pero superando os tics normais cos que habitualmente rodeamos esta experiencia na Igrexa. O mesmo Papa Francis-

co e outros analistas máis lúcidos falan da fonda vinculación entre eses comportamentos e o estatuto clerical cargado de poder, de poder sagrado, de poder sobre as consciencias. Sendo así, a superación do problema deberá ir máis aló de pequenos retoques do sistema. E o mesmo celibato obrigatorio, elemento constituínte dese empoderamento sacro do clero, debería ser reconsiderado, por moito que o Papa non o vexa necesario e mesmo recee de presentarse ante o Pai eterno levando nas mans a decisión da súa supresión como obrigatorio.

Pensamos que se están a dar pasos importantes. O encontro en Roma dos días 21-24 de febreiro, entre os presidentes das Conferencias Episcopais de todo o mundo e os superiores e superiores das ordes relixiosas, dígase o que se diga, pode ser algo positivo, por máis que nel se amosasen carencias importantes. O que alí se dixo, o que alí se oíu, o que alí se evidenciou –sobre todo por parte das mesmas persoas abusadas e de persoas alleas á estrutura clerical–, non pode deixar indiferente e de mans e ánimos cruzados a ninguén. Quedou en evidencia

que o tratamento da pederastia ata o presente era basicamente de tapar e pasar, pero marcouse unha dirección clara, á espera de que se concrete en pautas precisas que parece que van chegar, e está nas mans de todo o corpo eclesial, empezando, xaora, polos bispos, que se dean mostras eficaces de cambio.

Os nenos e nenas deberían ser a meniña dos ollos eclesiais. Pero foron ollos violados, feridos. Unha ferida que non estíñará doadamente e pola que na Igrexa haberemos purgar por moito tempo. O noso Santiago Agrelo diríanos que por fin –e mira ti por que camiño!– estamos onde deberíamos estar: entre os últimos e desprezados. E, de paso, que impresionante o testemuño vital do P. Agrelo no excelente congreso conmemorativo do 75 aniversario da revista claretiana «*Vida Religiosa*», celebrado en Madrid os días 1-3 de marzo! Pódese ver en [www.urc.cat/index.php?a=12a&id=2152](http://www.urc.cat/index.php?a=12a&id=2152).

### 3.- Co mundo nas mans

É normal, deberían ser, que non fósemos indiferentes a nada de canto acontece no mundo,

tanto polo lado bo coma polo lado malo. Xesús de Nazaret non o sería nos nosos tempos. Por iso é tamén normal que se nos poña a alma e o corpo inqueda cando aquí, alá e acolá xorden situacións duras, dramáticas, que fan que a xente sufra, xente que adoita ser sempre da máis sinxela e pobre, da menos responsable dos conflitos que se montan.

Neste últimos tempos a nosa ollada diríxese con insistencia cara a Venezuela. Hai unha situación dramática que nos urxe a ollar cara a alí, pero tamén hai unha concitación dos medios de comunicación e uns intereses calados e ocultos que premen para que a cousa colla determinados camiños. Todos coñecemos a información que de alí nos ofrecen os medios convencionais, e por medios que non o son tanto podemos acceder a outras análises máis complexas. Como resultado de todo, van tomando corpo diferentes convencementos: que o pobo venezolano está a sufrir carencia extrema, inconcibible para unha nación con tanto potencial enerxético; que ese potencial sempre estivo aí e sempre estivo manexado por elites económicas que non re-

verteron ao pobo máis humilde os seus beneficios; que no seu momento a revolución bolivariana significou un respiro para o pobo máis marxinal; que desde as instancias dos poderosos, comandadas polos EEUU, se lle foron poñendo todas as trabas posibles a esta aventura popular; que no presente a dirección do país está en mans cando menos moi torpes e coercitivas; que hai unha arela tola de control do potencial enerxético venezolano por parte de multinacionais estadounidenses; que por parte dos EEUU se fixeron intervencións inauditas, como a de controlar enormes capitais pertencentes ao goberno de Venezuela; que Guaidó, auto-proclamado presidente do país (!), é unha peza dun intrigante xogo de tronos, con capítulos moi ben programados, o da axuda humanitaria un deles; que a situación é insoportable para moi grande parte da nación, e que, polo tanto, o goberno debería promover unhas eleccións libres, testificadas, internacionalmente, como tamén o mesmo Papa e o episcopado venezolano llo demandan, para abrir unha nova etapa que supere a emerxencia presente e garanta

un emprego libre do potencial enerxético de Venezuela como país soberano, sen que todo volva aos vellos tempos, cando a economía do país era manexada desde fóra en función basicamente de intereses estranxeiros. Moito pedir seguramente para a escasa marxe de manobra de que dispón o país.

A pesar da ausencia absoluta de información por parte de todos os medios convencionais, imos sabendo que en Haití se está a dar unha situación máis dramática aínda que a de Venezuela; que en Iemen o pobo está nunha situación de verdadeira fame negra, provocada por unha guerra asistida polos Estados Unidos, pero consentida por todas as potencias; que na franxa de Gaza, en Palestina, os niveis de atención humanitaria son mínimos e que pobre de quen alí se achegue con axuda humanitaria. E así poderíamos seguir. Que non haxa información sobre todo isto, que situacións tan extremas se toleren tranquilamente, que case ninguén se indigne e ninguén dea pasos cara a súa solución, deixa en evidencia que en Venezuela boa parte da presión externa exercida se debe máis a intereses eco-

nómicos que non a verdadeiro sentido humanitario. Malos serán os resultados, cando as motivacións son tan espurias. Pero así parece estar este mundo, que desde as ansias cristiás nos gustaría ir construíndo desde a fraternidade real e non desde as comenencias. Con todo e iso, oxalá o pobo venezolano atope, e axiña, camiños para unha vida digna. Que o merece.

### 3.- Cousas de andar pola casa

Nun prazo curto de tempo teremos dobre xornada electoral: as xerais o 28 de abril, e as municipais o 26 de maio. As eleccións sempre deberan ser vividas con interese, con ganas de participación, con vontade firme de empuxar cara ao servizo público a partidos e persoas honestas que teñan demostrado afán decidido por resolver os problemas da poboación, dando prioridade aos da xente máis fráxil e marxinal. Iso polo menos nos gustaría a quen nos movemos pola vida con sensibilidade cristiá. Nunha situación normal, deberíamos ser un país, tanto a nivel galego coma español, que tivese os medios necesarios para poder organizar unha

convivencia social libre, variada, respectuosa, capaz de responder ás demandas básicas da xente e de ofrecer un marco de convivencia ordenado, pacífico, feliz. Poderíamos imaxinar un grupo de persoas conformando corporacións municipais, deputacións provinciais, cámaras autonómicas e estatais, diferentes nas súas ideas e opcións, pero afanadas en incorporar os saberes e méritos de todo o mundo, para entre todas e todos configurar respostas axeitadas aos problemas existentes. Unha actividade política na que ninguén se sinta oposición, porque ninguén está en oposición substantiva a nada por principio, senón contribuindo desde a diferenza a unha labor conxunta común.

Pero por desgraza, o que puidera parecer obvio e razoable, non o é. Vannos as liortas e nas liortas estamos montados. E para sustentalas investimos imaxinación, tempo, cartos e, por veces, moita malicia, moita mentira, moita agresividade. E os resultados son os que son. Acabamos sendo un país dividido, un país que ignora moitos dos problemas da xente, un país no que prima ver como terxiveramos as palabras e feitos de

quen non pensa coma nós, para poder machucalo; un país no que, a río revolto, os pescadores de sempre seguen facendo ganancia. Pobre país!

E así andamos, unha das dúas Españas xeándonos o corazón, con escaso afán por estíñar vellas feridas, que cada pouco se abren, enganchándonos ao corpo corrupto dun ditador para ao redor del manter vivas ideas e conflitos, contemplando a diferenza dos pobos de España como un mal a atallar e non coma unha graza a coidar e mimar, e deixando que o capital vaía e veña como lle praza, sinalando os camiños a recorrer, caía quen caía.

Temos un reto importante por diante. A xente de raizame cristiá poderíamos arrimar o lombo coa inocencia e bondade das pombas, coa intelixencia e sagacidade das serpes, tal coma o noso irmán e mestre Xesús nos recomendou, dispostas, iso si, tamén coma el, a non sacar tallada do intento, senón, en todo caso, a fundirnos coa xente máis desprezada. Que por dereito evanxélico ese é o lugar que nos pertence por sermos cristiáns, cristiás.

#### 4.- Unha mocidade como esperanza

Envoltas como andamos en mil sucesos e informacións, curremos o risco de vivir a galope, sen nos conceder tempo para sopesar o que sucede, coa súa forza de caricia e alento. Tal é o caso da XMX celebrada en Panamá do 22 ao 27 do pasado xaneiro. Panamá, con 4 millóns de habitantes, foi quen de organizar unhas boas xornadas, vivas, ledas, profundas, alentadoras. Loxicamente foron os mozos e mozas panameñas, de América do centro e do sur as que máis se deixaron ver, cun importante sector de mocidade procedente de Australia, Nova Zelandia, Filipinas e pequenos países do Pacífico. E non faltaron, claro, os europeos. Os números non foron comparables cos doutras edicións no Vello Mundo, pero chegaron a 400.000 mil no Viacrucis da tarde do venres 25, e a 700.000 na Eucaristía final.

Máis aló dos números, que tamén contan, hai que poñer o traballo previo en boa medida levado a cabo pola mesma mocidade, e hai que poñer tamén a súa enorme implicación nos diferentes actos nos que pui-

deron participar ao longo desa semana coa particular vitalidade suramericana. Por parte do Papa, un saber estar e aproveitar os diferentes ámbitos nos que se moveu para deixar sempre unha palabra de empuxe, de esperanza e de achegamento ás dores da poboación; parecerónnos especialmente significativas a liturxia penitencial no Centro de Cumprimento de Menores e o Viacrucis no que as 14 estacións foron recollendo en clave de meditación as seguintes realidades: ecumenismo, mártires, indíxenas, ecoloxía, migrantes e refuxiadas, vítimas dos desastres naturais, esperanza, violencia contra a muller, reconciliación e paz, corrupción, nais, terrorismo, aborto.

Houbo, logo, un presínodo intenso, imprescindible e parece que está a haber un posínodo, que pretende manter a lapa acesa ata o próximo sínodo internacional que terá lugar en Lisboa para o ano 2022. De aquí a aló pasarán dous anos nos que un Sínodo «menor» se celebrará, coma sempre, en Roma o domingo de Ramos. Seguro que para a mocidade galega será un importante reclamo espiritual, que, ben servido, poderá facer

moito ben. Oxalá! Por certo foi Nuria M. Núñez, militante cristiá de Vigo, quen remexeu Roma con Santiago para poder ofrecer unha versión en galego, moi lograda, do himno oficial da Xornada, que levaba por título «Velaquí a serva do Señor, fága-se en min a túa palabra». Quen queira acceder a este himno en texto, música e acompañamento, pode contactar con Nuria no correo xanostesqui@gmail.com. Aproveito para informar que esta persoa poida que sexa hoxe unha das máis documentadas en toda Galicia sobre o canto relixioso en galego, cun abundantísimo material recompilado e disposto para ser enviado incluso en libríños xa compostos.

## **5.- E outra mocidade que non queda atrás**

Todo o mundo quedou conmovido pola presenza de Greta Thunberg, a activista ecoloxista sueca de 16 anos, que o 21 de febreiro pasado tomou a palabra no Consello Económico e Social da UE. Alí estaban os políticos da eurocámara co seu presidente Jean-Claude Juncker, e alí estaba ela arroupada pola súa xente. Unha gozada oír fa-



lar a esa rapariga! Palabras claras, contundentes, urxentes, afeando a pasividade dos políticos ante o cambio climático, e esixíndolles que, se non as escoitan a elas e eles, que escoiten aos científicos, que falan con claridade da necesidade de que de aquí ao 2030 se reduzan as emisións nun 80%, senón a desfeita é irreversible, e para iso que retomen con decisión os acordos de París sobre o clima; dicíndolles tamén que fixeron folga ese día porque elas e eles si, teñen feito os seus deberes, pero os políticos, non; queren amañar o desastre que se está a producir, e que non pararán ata acadalo.

Todo isto non parece ser unha arroutada. Desde hai un tempo estase facendo ver un movemento da mocidade polo clima, con liderados sinxelos, pero cativadores; con Greta son persoas de referencia as belgas Anuna De Wever (17 anos) e Kyra Gantois (19), e tamén o español Lucas Barrero (22 anos), andaluz asentado en Xirona. Desde comezos do 2019 organizan en Bruxelas unha folga todos os venres, que deron en chamar *Fridays For Future*, (FFF), venres polo futuro, e

foron elas tamén as que promoveron a folga sonada do 15 de marzo pasado, que tivo un seguimento notorio en máis de cen países e en máis de 1700 cidades. Algo se move. Algo esperanzador. Ante as desagradables declaracións da maioría dos nosos políticos en campaña electoral, por aldraxantes, mentireiras e preocupadas polo poder dos escanos, que gusto a frescura desta mocidade, carente de arelas de poder, solícita pola loita climática, que implica unha conversión a fondo de moitos modelos de vida, de produción, de relación, de amor. «Vostedes din que aman os seus fillos por riba de todo —aseguraba Greta noutra ocasión—, pero estanlles roubando o seu futuro ante os seus propios ollos».

Bo camiño de conversión secular, que tanto praxe a Deus.

## 6.- Ao lado das mulleres

Ao lado das mulleres, si, e con que gusto! A xornada do 8 de marzo, día internacional da muller, volveu ser, sobranceiramente en España enteira —tamén en Galiza de forma significativa— un estoupido de vida, de realismo social, de tenrura,

de reivindicación, de esperanza. Hai xente que segue a ver as mulleres coas súas demandas coma unha ameaza, e entende que a súa voz é excesiva, que as súas protestas son unha farfallada, e que xa está ben de tanto enfrontarse cos homes facéndooos causantes de todos os males que padecemos; e todas esas historias que vemos saír pintadas de variadas cores da boca de diferentes persoas, homes e tamén mulleres, as menos.

As realidades están aí, á vista (feminicidio repetido día si e día tamén, rebaixe salarial, dificultades especiais para acceder ao traballo, ausencia en cargos directivos etcétera e, de fondo, ese resaibo de superioridade co que ante as mulleres case sempre nos movemos os homes, senón por fóra, que hoxe campa moi mal, a lo menos por dentro, onde ninguén o ve nin escoita. Salvo o Pai, diría Xesús, que gusta de ver no secreto (cfr. Mt 6, 6).

Non dicimos que canto afirman, cantan, e escriben as mulleres nos seus lemas e comunicados sexan dogmas que a todas e todos nos obriguen; tampouco non dicimos que ás veces non se pasen na súa contundencia

verbal ou na súa mesma agresividade xestual (uf, onde quedaríamos nós, se polas nosas palabras, xestos e moito máis fóssemos avaliados), pero é indubidable que no movemento feminista se nos está a ofrecer un «sinal dos tempos», froito do moito sufrir e loitar de moitas mulleres desde hai centos de anos, e que, polo tanto, nel se nos está servindo un paso adiante substantivo que a toda a humanidade nos afecta positivamente. Por iso mesmo este «sinal dos tempos» ten tamén para as persoas crentes un especial releve teolóxico e místico: algo de Deus se nos está ofertando deste xeito festeiro que por desgraza sabemos acompañado de moitos máis momentos de silencio, de dor, de bágoas, de sangue e, literalmente, de morte. Algo de Deus, sen o cal o noso achegamento a el queda ponteado, falseado.

O feminismo non afea o home, ao revés, faino máis guapo; límpanos, cúranos de vellas feridas, envólvenos en humanidade, axúdanos a ser máis nós mesmos con autenticidade. Agradecidos lle deberíamos estar a tanta marabilliosa muller que nos fai saír dos

nosos armarios machistas e nos devolven á graza da vida paritariamente compartida. Por iso entendemos e aplaudimos con especial afán as manifestacións de monxas que souberon descubrir isto (canto saben as monxas de pretensións machistas e de dignidade feminina!) e ousaron sumarse ás manifestacións do 8 de marzo desde fóra ou desde dentro, desde o silencio ou desde a palabra falada ou escrita. Citamos con gusto a nosa compañeira do Consello de Redacción, Carme Soto, que nos agasallou cunha carta sinxela, viva, clara, axustada, comprometida, reivindicativa, con sabor a Evanxeo; pódese ler noutras páxinas desta revista. Que mágoa nos deu, en cambio, oírle dicir ao Papa Francisco no curso das xornadas sobre pederastia en Roma —el que tantas veces nos emociona con palabras de vida e bendición, incluso sobre as mesmas mulleres!—, que «todo feminismo acaba sendo un machismo con saias». Non nos cadran nel estas palabras tan absolutas, e parécennos non palabras de obediencia relixiosa, senón o remol aínda acalorado de fondos mundos persoais e sociais medrosos, non sanea-

dos, nos que tanto abunda tamén a clerecía patriarcal. **Quen sabe!** Desde logo, tristemente, o mundo eclesial, a clerecía especialmente, non é un referente limpo para axudarnos a entender, valorar e vivir os dons do feminismo. E mira que, se o acollese humildemente, canto podería axudar a enchelo de cálidos ecos e resonancias!

Canto traballo nos queda por diante a mulleres e homes, ata sermos felizmente entre nós o que podemos ser! Pero bendito o día da folga morada!

## **7.- Comprometéndose pola paz e a fraternidade**

Os días 3 e 4 de febreiro o Papa Francisco emprendeu unha viaxe de especial significado aos Emiratos Árabes Unidos, situados na parte oriental da península arábica, onde ningún Papa acudira ata o presente. Deseguida se nos vén ao pensamento a viaxe no 1219, hai xustamente 800 anos, doutro Francisco, o pobre de Asís, que se achegaba ao daquela emir de Exipto Malik al-Kamil para expresar a paz e a fraternidade que os exércitos cristiáns non podían evidenciar. Comuñón,

logo, no nome e comunión tamén no empeño de establecer vínculos de paz e concordia no nome do Deus da paz, tantas veces manipulado por uns e por outros para xustificar e mesmo sacralizar as guerras.

Os anfitrións fórono o príncipe herdeiro dos EAU, Mohammed bin Zayed Al Nahyan, e, moi especialmente, o Gran Imán da universidade do El Cairo Al-Azhar, Ahmad al-Tayyib (dirixente máximo do islam sunnita). A visita tiña unha finalidade principal: presentar conxuntamente, previa lectura e sinatura, ante a presenza de 700 líderes relixiosos de todo o mundo, o Documento pola Fraternidade Humana, pola paz mundial e a convivencia común. Un documento amplo, sete folios, de moi doada lectura, pois foxe da típica linguaxe clerical á que estamos afeitos.

Abrindo o propio documento vai un prefacio que o xustifica e que o define como «un documento pensado con sinceridade e seriedade para que sexa unha declaración común dunha vontade boa e leal, de xeito que invite a todas as persoas que levan no corazón a fe en Deus e a fe

na fraternidade humana a se unir e traballar xuntas, para que sexa unha guía para as novas xeracións cara a unha cultura de respecto recíproco, na comprensión da inmensa graza divina que fai irmáns a todos os seres humanos.» Logo ábrese con dez evocacións, empezadas sempre por «en nome de...» (do Deus creador, da alma humana, da xente desherdada...), para darlle calor e urxencia ao que se vai propoñer, pedindo «a si mesmos e tamén aos líderes do mundo, aos artífices da política internacional e da economía mundial, comprometerse seriamente para difundir a cultura da tolerancia, da convivencia e da paz; intervir o antes posible para parar o vertido de sangue inocente e poñer fin ás guerras, aos conflitos, á degradación ambiental e a decadencia cultural e moral que o mundo vive actualmente.» E nesa dirección vai o corpo do documento dedicado a presentar a relixión, correctamente vivida, como gran recurso para a desfeita actual no mundo, e a sinalar doce campos nos que os dereitos humanos deberían ser vivamente traballados e garantidos. Para acabar comprometéndose a compartir o documento

con autoridades, líderes, organizacións da sociedade civil e relixiosa, xente da cultura..., e pedindo que se estude a fondo «en todas as escolas, universidades e institutos de educación e formación, para que se axude a crear novas xeracións que traian o ben e a paz, e defendan en todas as partes os dereitos da xente oprimida e última».

Francisco de Asís tamén asinaría este documento. Posiblemente nós tamén. Pero introducilo nos nosos lugares de formación e nas nosas vidas xa non é tan doado. Para tal cousa temos invitación. Podemos empezar por unha lectura xenerosa. Paga a pena realmente.

## 8.- En honor de Ernesto Cardenal

O que son as vidas! Hai cardeais que necesitan amoestación e mesmo castigo severo, porque malversaron a esperanza posta neles como persoas sobre as que, a xeito de gonzos, debería xirar con firmeza e fluidez a vida da comunidade cristiá, especialmente a vida da xente máis fráxil da mesma. En cambio houbo e hai outra xente, apelidándose Cardenal ou non, que, tendo demostrado ás

sobras esa capacidade de facer que as persoas e grupos sociais máis desamparados atopen portas e esperanzas na Igrexa e na sociedade, sen embargo foron proscritas polo peso dunhas normas relixiosas que así o demandaban. A relixión sobre o Evanxeo. Tal foi o caso de Ernesto Cardenal, reprendido primeiro en fea e inoportuna escena pública polo mesmo Papa que saudaba cordialmente ao ditador Pinochet, por formar parte como ministro de Cultura do primeiro goberno sandinista –cando o sandinismo era un foco potente de esperanza popular– e suspendido despois *a divinis*, é dicir, privado da posibilidade de exercer como cura que era.

Por iso resulta emocionante que agora outro Papa lle levante esa suspensión, aínda que sexa, tristemente, no que parece ser o seu leito de morte. Pero ten o seu aquel evanxélico a imaxe do bispo auxiliar de Managua, Silvio Xosé Báez, prostrándose diante dun Cardenal encamado e moi enfermo nos seus 94 anos, para pedirlle a bendición como cura da Igrexa católica. Aínda que parece que foi o mesmo Ernesto Cardenal quen solicitou

esta rehabilitación en carta dirixida a Roma, por razóns moi persoais que podemos supoñer, pero que descoñecemos, ante a opinión pública mundial, ante o mundo da cultura e mesmo ante boa parte do mundo da fe, Ernesto Cardenal non precisaba rehabilitación ningunha, porque era un gran poeta, un místico sincero, un home libre e comprometido sempre coa causa da xente máis desfavorecida, un home que soportou a sanción eclesial con suma dignidade e coherencia, un home de alma limpa. En cambio quen si, se cadra, necesitaba rehabilitación era a mesma Igrexa, e de feito, cando se soubo do acontecido, o sentir común resumíase nesa simple expresión: «pois menos mal, xa lles valía!» E parece que nos custa aprender.

## 9.- Con recendos pascuais

Despedímonos xa de quen nos lea, e facémolo ofrecendo o recordo dunha muller a quen o 10 de febreiro pasado no funeral de despedida declaramos santa na parroquia de San Xoán de Romariz, en Abadín. Chámase María Rivas Ledo, aínda que

todo o mundo a coñecía como a María da Mesiana. Declarámo-la santa por mandato evanxélico, pois era desas pequenas que teñen o privilexio de estar contemplando a diario o rostro do Pai celestial (cfr. Mt 18,10), despois dunha vida empobrecida de mai solteira, de xornaleira, de sancristá, de amante das flores, dos regaliños, de muller limpa e digna, de muller de fe. Rezámoslle unha ladaíñas, nas que quedou invocada como «Humildísima muller de aldea», «Rostro humano de Deus entre nós», «María xornaleira», »María dos amparos e desamparos», «Amante e coidadora das flores», «Querida e apreciada por Deus e pola xente», e moitas cousas máis. É unha santa moi avogosa para espertar a conciencia cara á xente empobrecida. Non fixeron falla máis milagres para declarlala santiña de Deus. Todos os 8 de febreiro recordaremos o seu pasamento pascual.

E máis nada. Feliz Pascua de resurrección e vida nova, por Cristo, por nós, e pola xente que peor o estea pasando.

**Manuel Regal Ledo**